

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

6662 Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

En virtude da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, empréndese unha das reformas estruturais que permitirá axilizar os procedementos de pagamento ao fornecedor e dar certeza das facturas pendentes de pagamento existentes, co fin último de reducir a morosidade das administracións públicas e así contribuír a mellorar a competitividade das empresas.

Para fortalecer esta necesaria protección do fornecedor, facilítase a súa relación coas administracións públicas favorecendo o uso da factura electrónica, a súa xestión e a tramitación telemática, cun mellor control contable das facturas recibidas polas administracións, o cal permitirá non só facer un mellor seguimento do cumprimento dos compromisos de pagamento senón tamén un mellor control do gasto público e do déficit, o que xerará unha maior confianza nas contas públicas.

No seu artigo 4 a Lei 25/2013, do 27 de decembro, prevé a creación dun rexistro contable que foi obxecto de desenvolvemento pola Orde ministerial HAP/492/2014, do 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do Rexistro Contable de Facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, do 27 de marzo.

Para atinxir estes fins, esta orde inclúe, entre outras medidas dirixidas a mellorar a protección dos fornecedores, que cada unha das administracións públicas, estatal, autonómica e local, dispoña de puntos xerais de entrada de facturas electrónicas para que os fornecedores poidan presentalas e cheguen electronicamente á oficina contable competente para que desde ela se poida remitir ao órgano administrativo a que corresponda a súa tramitación. Deste modo habería un punto xeral de entrada de facturas electrónicas por cada nivel administrativo, salvo que as comunidades autónomas ou as entidades locais, en aplicación do principio de eficiencia, se adhiran gratuitamente ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado de acordo co disposto nesta orde. Non obstante, aquelas administracións públicas que desexen dispor do seu propio punto xeral de entrada deberán xustificar previamente a realización de calquera investimento dirixido ao establecemento do seu propio punto a súa non adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

En uso da habilitación legal da disposición derradeira sexta da Lei 25/2013, do 27 de decembro, a presente orde ministerial determina os requisitos técnicos e funcionais dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas con carácter básico e, en particular, pon en funcionamento o servizo FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración xeral do Estado, que servirá como punto de intermediación entre quen presenta a factura e a oficina contable competente para o seu rexistro, así como as normas de adhesión a el por parte das comunidades autónomas e corporacións locais.

A presente orde estrutúrase en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, tres disposicións derradeiras e un anexo. O capítulo I establece o obxecto e ámbito de aplicación da orde. O capítulo II refírese ás condicións técnicas que deben cumprir os puntos xerais de entrada de facturas electrónicas e o capítulo III regula as condicións funcionais que deben observar tales puntos.

A presente orde ten carácter básico, salvo o disposto na disposición adicional primeira, que ten carácter exclusivo, e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13^a, 14^a e 18^a da Constitución española, e é aplicable a todas as administracións públicas e entes, organismos e

entidades vinculados ou dependentes, que deberán axustarse ás condicións e requisitos formais e técnicas establecidos nela, así como en desenvolvemento da disposición derradeira terceira da Lei 25/2013, do 27 de decembro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente orde ten por obxecto determinar os requisitos técnicos e funcionais dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas que poidan crear as comunidades autónomas e as entidades locais, no caso de non se adheriren ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado segundo o procedemento do artigo 9 desta orde, así como regular tales requisitos respecto do punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O previsto nesta orde será de aplicación ás facturas electrónicas emitidas polos provedores de bens e servizos nas súas relacións xurídicas coas administracións públicas no marco do establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público.

CAPÍTULO II

Requisitos técnicos dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas

Artigo 3. *Presentación de facturas electrónicas.*

1. Os provedores de bens e servizos que deban remitir unha factura electrónica ás administracións públicas e ás súas entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes deberán facelo a través dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas que correspondan.

2. A presentación de facturas polo provedor a través deste servizo poderá realizarse mediante un representante do provedor se así o permite a normativa específica, ou, na súa falta, a normativa reguladora das obrigacións de facturación e, en todo caso, de conformidade co previsto na normativa que resulte aplicable.

3. A presentación de facturas electrónicas a través dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas poderá facerse de dúas formas:

a) Individualmente, por medio dun portal web. Neste suposto, a persoa que presente a factura deberá estar en posesión dun certificado electrónico recoñecido de persoa física, de persoa física representante de persoa xurídica ou de persoa xurídica emitido por un prestador de servizos de certificación que figure na lista de servizos de confianza publicada polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en cumprimento da Decisión da Comisión 767/2009/CE, do 16 de outubro, pola que se adoptan medidas que facilitan o uso de procedementos por vía electrónica a través de portelos únicos consoante a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos servizos no mercado interior.

b) Electronicamente, mediante un sistema de comunicación establecido por interfaces de servizos web que posibilita o envío automático de facturas electrónicas ao dito servizo desde o sistema de xestión de facturas do provedor. Neste suposto, o sistema de xestión económica do provedor deberá reunir as condicións necesarias para o seu funcionamento de maneira integrada coa interface de servizos web dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas.

4. As comunicacións a que se refire o número 3, alínea b), entre o sistema do fornecedor e o servizo estarán sempre asinadas por un certificado propiedade do fornecedor ou propiedade dun terceiro diferente do fornecedor con que teña contratado o servizo de facturación electrónica emitido por un prestador de servizos de certificación que figure na lista de servizos de confianza publicada polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en cumprimento da Decisión 767/2009 da Comisión Europea.

5. Nos supostos en que a factura electrónica non se axuste ao formato establecido no artigo 5 desta orde ou no caso de que a sinatura electrónica na factura non cumpra o disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, o punto xeral de entrada de facturas electrónicas rexeitará de forma automática, coa correspondente comunicación ao interesado indicando o motivo do rexeitamento.

Artigo 4. *Procedemento de remisión das facturas ao correspondente rexistro contable de facturas.*

1. As facturas electrónicas presentadas nos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas serán postas ao dispor ou remitidas electronicamente mediante un servizo proporcionado polos ditos puntos á oficina contable competente para a anotación no rexistro contable de facturas. Na factura deberán identificarse os órganos administrativos a que vaia dirixida, de conformidade coa disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. A información que se porá á disposición ou se remitirá por cada factura será a propia factura electrónica, o número de asento rexistral asignado no rexistro asociado ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas e a data e hora do asento rexistral.

3. O rexistro contable de facturas comunicará ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas o código de identificación asignado á factura nese rexistro.

Artigo 5. *Formato das facturas.*

1. Para efectos do seu tratamento polos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas, as facturas axustaranse ao establecido no artigo 5 e na disposición adicional primeira da Lei 25/2013, do 27 de decembro.

2. Será obrigatorio o uso dunha serie de campos dentro da propia factura para a correcta remisión aos destinatarios, así como para cumprir cunha serie de especificacións que se detallan no anexo que acompaña esta orde.

Artigo 6. *Seguimento e cambio de situación da factura.*

1. Cando un fornecedor consulte o estado de tramitación de calquera das súas facturas, o punto xeral de entrada de facturas electrónicas correspondente devolverá o estado que lle notifique a oficina contable destinataria directa da factura electrónica.

2. O fornecedor poderá solicitar a retirada dunha factura presentada a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas correspondente sempre que se cumpran os requisitos que, se for o caso, estableza a normativa reguladora das obrigacións de facturación.

Artigo 7. *Interoperabilidade do servizo cos sistemas de facturación dos fornecedores.*

1. Os puntos xerais de entrada de facturas electrónicas proporcionan aos fornecedores que desexen automatizar o envío de facturas unha interface de servizos web coa cal poderán remitir de forma automática desde os seus sistemas de xestión económica as facturas que desexan presentar á Administración a través daquel servizo.

2. A interface permitirá o envío de facturas e a consulta do estado das facturas.

CAPÍTULO III

Requisitos funcionais dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas

Artigo 8. *Establecemento dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas.*

1. As comunidades autónomas e as entidades locais disporán dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal se recibirán todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes.

2. En cumprimento da obrigaición de establecer un punto xeral de entrada de facturas electrónicas, as comunidades autónomas e entidades locais poderán adherirse ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado, de conformidade co disposto no seguinte artigo.

3. Aquelas comunidades autónomas e entidades locais que creen o seu propio punto xeral de entrada de facturas electrónicas deberán axustarse ao disposto nesta orde e xustificar ante a Secretaría de Estado de Administracións Públicas, previamente á realización de calquera investimento dirixido ao establecemento do seu propio punto de entrada, a súa non adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado, en termos de eficiencia conforme o artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En todo caso, darase publicidade, nos seus correspondentes boletíns oficiais, da creación dos ditos puntos.

4. Toda factura presentada a través dos puntos xerais de entrada de facturas autonómicos ou locais producirá unha entrada automática no correspondente rexistro electrónico da administración autonómica ou da entidade local de que se trate e proporcionará un aviso de recepción electrónico con comprobante da data e hora de presentación.

Artigo 9. *Adhesión das comunidades autónomas e das entidades locais.*

De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, as comunidades autónomas e as entidades locais poderán adherirse, por medios telemáticos a través do portal electrónico establecido para o efecto pola Dirección Xeral de Modernización Administrativa, Procedementos e Impulso da Administración Electrónica, á utilización do FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración xeral do Estado, que se regula na disposición adicional primeira da presente orde. Esta adhesión realizarase, no caso do dito punto xeral de entrada de facturas electrónicas, conforme as condicións de uso que se establezan por resolución do secretario de Estado de Administracións Públicas.

Artigo 10. *Asento rexistral no rexistro correspondente.*

1. As facturas presentadas a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que corresponda serán rexistradas automaticamente no rexistro propio do órgano administrativo competente.

O citado rexistro proporcionará un comprobante da presentación da factura que incluíra o número de rexistro asignado polo rexistro electrónico correspondente.

2. A recepción de facturas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas correspondente terá unicamente os efectos que, de acordo co disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, deriven da presentación nun rexistro administrativo.

Artigo 11. *Uso da información dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas.*

A información dos puntos xerais de entrada de facturas electrónicas poderá ser utilizada para os efectos do disposto no artigo 6.1 desta orde. Cando o punto xeral de entrada de facturas electrónicas sexa utilizado para arquivamento e custodia das facturas

electrónicas, a súa información non poderá ser empregada para a explotación ou cesión da información, salvo polo propio órgano administrativo a que corresponda a factura. Isto entenderase sen prexuízo das obrigacións que poidan derivar da normativa tributaria e do seu uso para fins estatísticos.

Disposición adicional primeira. *Punto de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado.*

1. O punto de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado, denominado FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas, axustarase ás condicións e requisitos funcionais e técnicos establecidos na presente orde, coas particularidades que se indican a seguir:

- a) Recibirá obrigatoriamente todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado de acordo co ámbito de aplicación establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro.
- b) Tamén recibirá as facturas de entidades, entes e organismos que, non pertencendo ao ámbito da Administración xeral do Estado, voluntariamente se adhiran ao FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas.
- c) Toda factura presentada a través do FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas producirá unha entrada automática no rexistro electrónico común e e proporcionará un aviso de recepción electrónico con comprobante da data e hora de presentación.
- d) Proporcionará un servizo automatizado de posta á disposición das facturas ás oficinas contables competentes para o seu rexistro.
- e) A través do FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas o fornecedor poderá consultar o estado de tramitación das súas facturas electrónicas.

O FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración xeral do Estado actualizará de forma permanente o catálogo de unidades administrativas implicadas na xestión das facturas electrónicas: oficinas contables, órganos xestores e unidades tramitadoras, e das asociacións entre elas. Esta actualización poderá realizarse directamente nese servizo ou, preferentemente, mediante sincronización a partir da información que provexan para o efecto os rexistros contables de facturas. As comunidades autónomas e entidades locais adheridas ao FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración xeral do Estado estarán obrigadas a manter permanentemente actualizado o catálogo de unidades administrativas implicadas na xestión das facturas electrónicas dos seus respectivos ámbitos, incluíndo nel a totalidade de organismos involucrados neste proceso. O servizo FACe non admitirá facturas electrónicas que non correspondan a unidades administrativas que non estean convenientemente reflectidas nos catálogos anteriores.

Se as unidades tramitadoras non dispuxeren de medios adecuados para o tratamento das facturas electrónicas, comunicaranos á oficina contable correspondente, para efectos de non dar de alta no catálogo de unidades administrativas do servizo FACe aquelas unidades tramitadoras que non dispoñan dos medios ou do sistema de xestión económica que permita a xestión e o almacenamento das facturas electrónicas.

2. O órgano competente para a xestión, administración e mantemento do FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas é a Dirección Xeral de Modernización Administrativa, Procedementos e Impulso da Administración Electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Corresponde a este centro directivo determinar as condicións técnicas de uso do dito punto xeral, oído o Consello Superior de Administración Electrónica, que estarán publicadas no seu propio portal electrónico.

Non obstante o anterior, a determinación, se for o caso, das condicións técnicas normalizadas das interfaces do punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado con outros puntos de entradas de facturas electrónicas,

sistemas e plataformas emisores ou receptores das facturas electrónicas corresponderá conxuntamente ás secretarías de Estado de Administracións Públicas e de Orzamentos e Gastos, oído o Consello Superior de Administración Electrónica.

3. A Dirección Xeral de Modernización Administrativa, Procedementos e Impulso da Administración Electrónica publicará a última versión desa interface no Centro de Transferencia de Tecnoloxía no seguinte enderezo web: <http://administracionelectronica.gob.es/es/ctt/face>. Ademais, proporcionará un contorno de probas aos fornecedores para que realicen as probas que sexan necesarias para a integración completa dos seus sistemas con este servizo.

4. Exclúense da presentación obrigatoria no FACe–Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas as facturas electrónicas por un importe de até 5.000 euros e as facturas electrónicas emitidas por fornecedores aos servizos no exterior até que se consolide o uso da factura electrónica e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción neses servizos.

5. As facturas presentadas a través do FACe–Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas serán rexistradas automaticamente no Rexistro Electrónico Común, de acordo co sinalado na Orde HAP/566/2013, do 8 de abril, pola que se regula o Rexistro Electrónico Común, ou no rexistro electrónico correspondente á Administración pública de que se trate. Tal servizo proporcionará un comprobante da presentación da factura que incluíra o número de rexistro asignado polo citado rexistro.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público.*

As medidas contidas nesta orde atenderanse cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e en ningún caso poden xerar incremento de gasto público.

Disposición transitoria única. *Formato transitorio das facturas.*

En canto non se aprobe a orde ministerial a que se refire o artigo 5 desta orde, as facturas deberanse expedir no formato que a Lei 25/2013, do 27 de decembro, establece na súa disposición adicional segunda, e estarán asinadas con sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado, de acordo co disposto no artigo 10.1 a) do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación e execución da orde.*

Habilítase o titular da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, no ámbito da súa competencia, para adoptar as resolucións e medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde, especialmente en relación coas condicións de uso do FACe–Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

A presente orde ten carácter básico, salvo o disposto na disposición adicional primeira, e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13ª, 14ª e 18ª da Constitución española.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de xuño de 2014.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.

ANEXO

Campos da factura

1. De conformidade co sinalado no artigo 5 desta orde, deberase incluír unha serie de campos dentro da propia factura para a correcta remisión aos destinatarios. Algúns destes campos serán completados con carácter obrigatorio en todas as facturas e noutros campos isto será opcional, pero no caso de que se desexe informar deles debe utilizarse o campo que se indica.

2. Dentro do documento de factura electrónica será obrigatorio, para a correcta remisión da factura ao órgano destinatario final, informar do órgano xestor, a unidade tramitadora e a oficina contable destinatarios e, opcionalmente, do órgano propoñente.

As unidades deberán ir codificadas baixo a etiqueta de centros administrativos do “<BuyerParty>” da factura

ROL	RoleTypeCode	CentreCode	Descrición	Tipo
Fiscal	01	Código da unidade en DIRECTORIO	Oficina contable	Obrigatorio
Receptor	02	Código da unidade en DIRECTORIO	Órgano xestor	Obrigatorio
Pagador	03	Código da unidade en DIRECTORIO	Unidade tramitadora	Obrigatorio
Comprador	04	Código da unidade en DIRECTORIO	Órgano propoñente	Opcional

O código do centro <CentreCode> será o código da dita unidade no sistema «Directorio Común de Unidades Orgánicas y Oficinas DIR3» recollido no artigo 9 do Esquema nacional de interoperabilidade (Real decreto 4/2010).

Exemplo de XML con todos os roles de centros administrativos completados:

```
-<AdministrativeCentres>
  -<AdministrativeCentre>
    <CentreCode>E00000012</CentreCode>
    <RoleTypeCode>01</RoleTypeCode>
  -<AddressInSpain>
    <Address>Paseo de la Castellana</Address>
    <PostCode>20871</PostCode>
    <Town>Madrid</Town>
    <Province>Madrid</Province>
    <CountryCode>ESP</CountryCode>
  </AddressInSpain>
  <CentreDescription>Oficina Contable</CentreDescription>
</AdministrativeCentre>
-<AdministrativeCentre>
  <CentreCode>E00000034</CentreCode>
  <RoleTypeCode>02</RoleTypeCode>
-<AddressInSpain>
  <Address>Paseo de la Castellana</Address>
  <PostCode>28071</PostCode>
  <Town>Madrid</Town>
  <Province>Madrid</Province>
  <CountryCode>ESP</CountryCode>
</AddressInSpain>
  <CentreDescription>Órgano Gestor</CentreDescription>
</AdministrativeCentre>
-<AdministrativeCentre>
  <CentreCode>E00000033</CentreCode>
  <RoleTypeCode>03</RoleTypeCode>
-<AddressInSpain>
  <Address>Paseo de la Castellana</Address>
  <PostCode>20871</PostCode>
  <Town>Madrid</Town>
  <Province>Madrid</Province>
  <CountryCode>ESP</CountryCode>
</AddressInSpain>
  <CentreDescription>Unidad Tramitadora</CentreDescription>
</AdministrativeCentre>
-<AdministrativeCentre>
  <CentreCode>E00000023</CentreCode>
  <RoleTypeCode>04</RoleTypeCode>
-<AddressInSpain>
  <Address>Paseo de la Castellana</Address>
  <PostCode>20871</PostCode>
  <Town>Madrid</Town>
  <Province>Madrid</Province>
  <CountryCode>ESP</CountryCode>
</AddressInSpain>
  <CentreDescription>Subdirección de compras</CentreDescription>
</AdministrativeCentre>
</AdministrativeCentres>
```